



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 3/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E NOVE DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a vinte e nove de marzo de dous mil dezanove.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M<sup>a</sup> SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asiste:

- PAULA CASTENDA BLANCO
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

#### 1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 21 de febreiro de 2019, cuxa



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria de data 21 de febreiro de 2019, resultou aprobada por maioría de doce votos a favor, coa abstención da Sra. Soneira Liñares, Sr. Veiras Carneiro e Sr. Manteiga García, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

### **2. INFORMES DA ALCALDÍA.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta das actuacións seguintes:

- Liquidación dos orzamentos municipais 2018. Decreto 28/02/2019 de aprobación, previo informe da intervención. As magnitudes máis salientables son: resultado orzamentario positivo por importe de 1.828.000 euros, remanente de tesourería para gastos xerais positivo por importe de 2.205.000 euros, aforro neto legal positivo por importe de 2.215.000 euros o que supón un 23% sobre os dereitos liquidados por operacións correntes. En canto á estabilidade orzamentarias, as magnitudes de obrigado cumprimento, o resultado da avaliación do obxectivo da estabilidade orzamentaria na liquidación dos orzamentos municipais correspondente ao exercicio 2018 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar un superávit de 1.696.000 euros, o 16,72 % dos ingresos non financeiros. Cumprimento da regra de gasto, a diferenza entre a regra de gasto e o gasto computable no 2018 é de 129.000 euros. Cumprimento do límite de débeda, segundo o protocolo de déficit excesivo o volume da débeda é de 1.787.000 euros, supoñendo o 19,28 % dos recursos correntes liquidados. O porcentaxe da débeda viva a efectos de autorización de operacións de crédito sobre os recursos correntes é do 34,20 %, inferior ao 110% sinalado pola lei de facendas locais. O período medio de pagamento da débeda comercial situouse a 31 de decembro en 5,38 días.

Os Srs. concelleiros danse por decatados.

### **3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 21 de febreiro de 2019, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

### **4. MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos e Srs. Concelleiros non se presenta ningunha moción.

### 5. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula os rogos seguintes:

- Na beirarrúa que vai dende Mesón do Vento ata a pista de Orellán de Abaixo leva meses unha farola tirada na parcela dun particular, e a base da farola incorrendo nun grave risco de caída para viandantes.

Xa remitiu para o pleno do pasado mes de outubro de 2018 este mesmo rogo, pero en vistas de que segue sen solucionarse,

Solicito ao Sr. Alcalde o seguinte:

Se tomen as medidas necesarias para evitar riscos de caídas por tropezos coa base da farola que se substitúa a farola.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a contestación é a mesma que no seu día. A caída da farola foi por un accidente dun vehículo. Tratouse pola policía local de conseguir os datos do condutor para reclamar ante o seguro, estase volvendo imposible a investigación non esta a surtir efectos. Xa se lle indicou á empresa que proceda a dar seguridade a esta base. O concello terá que asumir un novo báculo e farola nas vindeiras datas.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

- Acercáronse veciños á Agrupación Local Socialista reclamando solucións para o problema persistente no centro médico de escaseza de médicos de garda. Esta problemática xa foi tratada a pleno no pasado.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se nos informe se o Concello instou á Consellería de Sanidade a poñer dous médicos de garda permanentemente para asegurarse de que sempre hai un no PAC cando haxa que atender a domicilio.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o acordo plenario adoptado xa foi remitido á Consellería. No anterior pleno informouse da reunión co Conselleiro e técnicos da Consellería no remate do mes de febreiro. As problemáticas do Centro de Saúde, mellora de pediatría, as reformas a acometer para a sala pendente, xa están plantexadas as obras par poñerse en marcha. Tamén se plantexou a situación do PAC e a necesidade dun segundo médico.

Intervén o Sr. Manteiga García, que pregunta se se comprometeron a unha data en concreto ou so a estudalo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que unha data non, estudalo si. Levouse toda a documentación que fixeron chegar os facultativos que habitualmente atenden o PAC.

- Esta Agrupación Socialista recibiu queixas de veciños que acoden á fonte de Esmorís-Buscás a por auga, dos continuos cortes que sofren.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se nos informe se o Concello está ao tanto deste problema e que accións vai a tomar para solucionalo.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que o Concello tamén é coñecedor das queixas. Informaron á brigada municipal que está a facer averiguacións para intentar solucionar o máis axiña posible este problema.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A cuberta do edificio da antiga estación de Parada, ten graves danos que ademais supoñen un perigo para as persoas, tal e como se pode apreciar nas fotografías que se achegan.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

A que se proceda a reparar os danos da cuberta garantindo a seguridade das persoas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se procedeu ao valado desa esquina, mandouse retirar o escombro. A cuberta está nun estado bastante calamitoso, vai a ser necesaria unha avaliación polos técnicos para determinar as actuacións a realizar. Neste momento non hai consignación orzamentaria suficiente.

- As tullas que conforman o peche da pista polideportiva de Parada teñen unha excesiva envergadura, moi por riba das dimensións máximas permitidas para os peches vexetais. Incluso cabe destacar que conxuntamente con ese peche vexetal, formouse un silveiral que invade fincas privadas lindeiras.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda a unha poda de dito peche vexetal e do silveiral formado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración. Xa se fixo unha actuación fai dos anos, é necesaria novamente unha nova limpeza.

- Na parada de autobús existente na Avenida Alfonso Senra, en fronte á antiga casa consistorial, existe unha arqueta que presenta un lamentable estado de conservación tal e como se pode apreciar na fotografía que acompaña ao presente rogo.

Este estado pode supoñer riscos para a seguridade viaria ou dos peóns que transitan pola beirarrúa.

A pesares de presentarmos este mesmo rogo no pleno ordinario de setembro de 2018, atopámonos con que medio ano despois, o problema segue sen solucionar.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que solucione o problema eliminando o perigo existente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este rogo se trouxo a este pleno en setembro de 2018. O Concello o puxo en coñecemento da Xerencia Rexional de Telefónica esta arqueta o dous de marzo de 2018, nos meses de abril, xullo e setembro houbo un intercambio de correos. Visto que isto segue así e non pode continuar, esta semana falou novamente coa Delegada de Zona de Telefónica e o compromiso que adquiriu coa Alcaldía é que se vai arranxar con data límite dezasete de abril. En moitas ocasións lle teñen reiterado esta situación, incluso con informes da policía local.

- No procedemento para a selección de persoal laboral temporal, dun posto de Oficial la de servizos varios, figura na resolución de alcaldía de contratación que existiu un



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

recurso de alzada contra o acordo de data 20/12/2018, do Tribunal de Selección.

Dita resolución non figura por ningures, o cal mingua a transparencia do procedemento.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se publique o recurso de alzada presentado e mais a respectiva resolución de alcaldía.

Intervén o Sr. Alcalde, que da conta do informe que pediu ao respecto: Publicidade recurso de alzada contra acordo de data 20/12/2018 Tribunal Selección operario servizos varios. A efectos de facilitar e axilizar a xestión administrativa na tramitación dos procedementos selectivos de concorrencia competitiva a Lei de procedemento administrativo substitúe a notificación individualizada dos distintos actos administrativos que teñen a consideración de actos administrativos plúrimos (que se dirixen a varias persoas á vez), por una publicación que facilite a xestión da comunicación dos mesmos a todos os interesados. Esa publicidade esténdese a todo o proceso selectivo, desde as bases e convocatoria ata todo o conxunto de trámites posteriores (lista de persoas admitidas e excluídas, designación de Tribunal, data e lugar de comezo das distintas probas, resultado dos exercicios, reclamación, cualificación final, ...etc.). Desa publicidade debemos excluír e substituír pola notificación individualizada o recurso de alzada presentado por un dos aspirantes, por canto o interesado no recurso é único e determinado, así como os dereitos e intereses lexítimos que defende no mesmo. Por tal motivo non se fai publicidade deste recurso.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta se se pode consultar o expediente en Secretaría.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si.

- Unha vez mais facemos advertencia ao goberno municipal do estado no que se atopa a rede de pluviais do concello, o cal impide un axeitado funcionamento da mesma.

A Rúa Coruña, Rúa República Arxentina, Prolongación da Rúa dos Lagartos, Polígono Industrial, Rúa A Quenlla (Mesón do Vento) ...etc., son algúns exemplos de rúas onde podemos atopar sumidoiros completamente atascados.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se efectúe unha revisión da rede de pluviais do concello de Ordes, retirando os entullos que impiden o axeitado funcionamento dá mesma.

A que nos informe de se ten pensado aplicar algunha penalización á empresa concesionaria do servizo de mantemento. Xa é unha petición que fixeron en anteriores ocasións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o prego de cláusulas que rexe o contrato non contempla esta penalización. Outra cousa é que o concello sega a insistir e a concesionaria teña



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

que cumprir co seu traballo. Comprométese a estar máis encima. As peticións que se trasladan á empresa son atendidas coa maior brevidade. Hai centos de sumidoiros e moitos deles non teñen o estado de conservación axeitado. Darán traslado desta preocupación por escrito para constancia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que terá que haber algún mecanismo para forzar á empresa se non fai a súa labor. No contrato ten que haber algún tipo de cláusula que diga que teñen que manter as instalacións en bo estado. Se non funcionan axeitadamente ten que iniciarse algún trámite para impor respecto. Senón resolver o contrato e sacar unha nova licitación e punto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que está regulado como tal é a realización de dúas campañas ao ano. Hai moitas necesidades. Non nega o que é evidente.

- Na vila existen diversas plataformas montadas no seu día para albergar terrazas de negocios de hostalería, que na actualidade cesaron na súa actividade.

Estas plataformas están a ocupar prazas de estacionamento ou diminúen o espazo peonil, sen que presten servizo algún a ningún negocio.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se negocie coa propiedade a súa retirada, devolvendo se procede a parte proporcional da taxa pagada, se é o caso.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que fala de diversas pero so lle constan dúas, en rúa Recreo e rúa Mundito. En rúa Recreo xa esta avisada, o fixo persoalmente e comprometeuse a retirala. En rúa Mundito non é posible poñerse en contacto co último arrendatario do local, o único camiño que queda é a execución subsidiaria da súa retirada polo concello.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que actualmente incluso se encontran algo deterioradas. Se se pisa nalgún tablaio, hai buratos.

- Na última sesión do Consello da Emisora Municipal, acordouse proceder a resolver varias carencias que ten radio Ordes, avarías en equipos, reposición de material, pequenas melloras, recopilación de contrasinais ...etc.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se nos informe de que actuacións se levaron a cabo para resolvelas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que segundo o informe do departamento de informática, que é o responsable destas actuacións, xa se levou a cabo a substitución dos dous equipos informáticos para o control da emisión por internet, instalouse a nova conexión de internet de alta velocidade que pasou de 10 MB a 250 MB, rematouse a instalación dun novo sistema de



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

transmisión a sistema radiante FM na torre do parque empresarial de Ordes, estase a espera da instalación da conexión de internet de alta velocidade por parte da empresa R, xa están formalizados os contratos para poder realizar a súa posta en funcionamento. Dende R informan que están a espera dun permiso de Movistar que se obterá en breve para a utilización duns postes propiedade desta é poder acceder ata a caseta de radio e realizar a conexión de banda ancha. Realizouse unha revisión da mesa de control da emisora atopando unicamente un desperfecto nun vúmetro nunha agulla que non inflúe no correcto funcionamento e que será substituída aproveitando a visita dos técnicos para a posta en marcha do novo sistema de transmisión da emisión.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que tamén se falou duns cascos e de outro pequeno material que facía falta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a dotación deste pequeno material non vai a ser problema.

- Na última xunta de portavoces, o goberno municipal deu traslado aos voceiros dos grupos políticos da corporación municipal dos problemas que xurdiron nas obras que se están a realizar nas beirarrúas da Avenida Alfonso Senra.

A pesares de ditas dificultades, desde o grupo municipal do BNG de Ordes, denunciámos unha mais que evidente falta de organización e planificación nos traballos, xa que é dificilmente explicable que teñamos dúas marxes coas beirarrúas completamente a terra durante catro meses.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se organicen os traballos, levando a cabo a apertura das beirarrúas por tramos e marxes, evitando en todo caso a apertura de novos tramos ata completar os traballos nas zonas abertas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa recoñeceu que a planificación foi incorrecta, agora hai que resolvelo. Non se vai a levantar nada máis ata que se poida tapar o que a día de hoxe está na situación en que está. Os planos das empresas de servizos non se corresponden co realmente alí executado. Varios dos tramos son un auténtico caos. Espera que ao longo da vindeira semana poida estar resolto o modificado correspondente e xa se poida actuar para a substitución da rede de fibrocemento e empezar a tapar con baldosa.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que para outras ocasións noutras rúas que terá problemas semellantes. Antes de iniciar os traballos, que igual se puido facer neste caso, hoxe hai medios para poder comprobar desde arriba ou incluso meter pequenos robots con cámaras e comprobar que trazado teñen, por onde van.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se fixo na rede de saneamento, hai vídeos, pero non se sabía o que ía pasar coa telefonía, coa parte de fibra R e coa parte de gas. Para isto non hai mecanismos factibles, viables. Apoiáronse na planimetría, que tampouco se corresponde tanto en pranta como en alzados. Polo que a execución se volveu un caos, así como o perigo de





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

tocar unha liña de media tensión ou unha rede de gas. A dirección das obras esta a traballar coa empresa adxudicataria para poder reiniciar as obras canto antes. Somos os primeiros que esta rúa non pode continuar así máis días.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os preguntas seguintes:

- Con respecto á publicidade que figura nos minipuntos limpos instalados no Municipio de Ordes para a recollida selectiva de RSU.

Por todo isto preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Como se está a xestionar a mesma?, ¿Estanse a cobrar taxas?, ¿De ser o caso, que regulamento se está a aplicar?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na Xunta de Goberno Local de data 01/06/2018 autorizouse esta utilización do dominio público. A empresa que instalou os minupuntos limpos, ao igual que noutros concellos, asinou un convenio por dous anos co concello no que se establece que a cambio desa instalación e xestión gratuíta dos residuos para o concello esta vai a xestionar a publicidade. A xente esta contenta coa súa instalación. Pode acceder a unha copia do convenio asinado.

- Con respecto ao Consello Escolar Municipal:

¿Porque motivo non nos foi remitido o informe sobre o estado do ensino no concello de Ordes, o cal debería estar elaborado no mes de outubro segundo figura no Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal?.

¿En que data se celebrou a última xuntanza do Consello Escolar Municipal?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o informe do estado do ensino elaborase por acordo do Consello Escolar Municipal antes do mes de novembro. Non se lle deu traslado á Corporación por un erro, faráselle chegar. A última xuntanza foi o 28/11/2018.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o artigo 20 do Regulamento do Consello Escolar Municipal fala de que con carácter bianual hai que elaborar un informe completo.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

**FOLLA Nº 10**

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que tamén se fixo no curso 2016-2017. No 2017-2018 engadíronse os resultados en comparativa cos dous anos anteriores para ter todos seguido. Xa hai tres informes. Vai a chegarlles.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte horas e vinte e oito minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**